



# CONCELLO DE CABANAS

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 31 DE MAIO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

- D. Germán Castrillón Permuy (Gr.PP)  
Concelleiros/as;  
D. Manuel González López (Gr.PP)  
Dª. Esperanza Gayoso Pereiro (Gr.PP)  
D. Julián Ramón Seijas Criado (Gr.PP)  
D. Javier Fernández Brage (Gr.PP)  
D. Carlos Ladra Brage (Gr.Socialista)  
Dª. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)  
D. Iago Varela Martínez (BNG-Gr.Mixto)  
Dª. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)  
D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (PDDdG-Gr.Mixto).
- Secretario-Interventor:  
D. Antonio López Vila.

constitución do Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

Non asiste o concelleiro do grupo Socialista don Delfín Feal Pereira.

### I. PARTE RESOLUTIVA.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DE ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. Dáse conta da acta da sesión realizada o día 25 de xaneiro de 2017, da cal entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación, e non presentándose alegacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos dez membros presentes dos once que o componen, acorda aproba-la referida acta.

2.- RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. Visto o expediente tramitado para recoñecemento extraxudicial de créditos correspondentes a exercicios anteriores, pendentes de aplicar ao orzamento por falta de consignación suficiente ou por haberse presentado a factura despois do peche do ejercicio, así como, informe con reparos de Intervención, e ditame da Comisión de Facenda coa emenda no seu importe pasando a ser de 20.753,41 euros.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: o concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña opina que hai facturas asumibles por non chegar ao Concello no seu momento o compromisos adquiridos por vías

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día trinta e un de maio de dous mil dezasete, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Germán Castrillón Permuy, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión ordinaria do Pleno da Corporación segundo a previa convocatoria ao efecto, ecoa asistencia do Secretario-Interventor titular don Antonio López Vila, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida



# CONCELLO DE CABANAS

normais, pero tamén hai facturas non tan xustificables como retirada de ramallada da praia da Madalena sen procedemento de contratación, e outras relacionadas coa obra de Vilar do Colo ou o camiño da Barrosa que estaba certificada e pagada sen rematar, polo que ante as irregularidades non pode votar a favor no seu conxunto.

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage non está a favor nalgúns caso na maneira que se realizou o gasto, pero os traballos están feitos e a xente ten que cobralos, e non van poñer impedimento.

A concelleira de AEC no grupo Mixto, Sra. García Amor considera que se podía xestionar doutra forma estes gastos pero non se pode negar o dereito a cobrar polos traballos realizados, é complicado prever gastos que poden xurdir, aparecen facturas e hai que pagalas, por iso non vai poñer impedimento a que se paguen.

O Sr. Pérez Sardiña manifesta que non hai impedimento pero o seu voto é de protesta porque non se fan as cousas ben, hai que separar unhas facturas doutras, no caso da ramallada do piñeiral non hai expediente do servizo que se realizou, como o camiño de Fontao que o propio alcalde dixo que estaba sen rematar cando se certificou e agora este técnico presenta a factura por certificar sen estar a obra rematada.

Polo grupo Popular: o Sr. Alcalde indica que as facturas están todas xustificadas, a ramallada eran residuos que chegaron a praia coa marea, ademais os operarios asinaron cando se recolleron; en relación co camiño de Fontao a obra está finalizada e hai que pagar a dirección de obra, o resto está xustificado, o problema é que na maioría dos casos se presentan despois do 31 de decembro e os traballos están feitos.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con oito votos a favor dos membros dos grupos Popular, Socialista e concelleira de AEC, un en contra do concelleiro de PDDdG, e unha abstención do concelleiro do BNG, acorda:

1º. Ao abeiro do establecido no artigo 217 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, resolver as discrepancias emitidas no informe de Intervención.

2º. Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2017 por importe de 20.753,41 euros, correspondentes a gastos de exercicios anteriores, segundo a seguinte relación:

Partida	Acreedor	Concepto/ nº factura	Importe
Facturas presentadas en 2017 ou con anterioridade, de gastos exercicios anteriores.			
1511.22706	Estudio Técnico CLOP Galicia S.L.P..	Redacción proxecto de Mellora do Entorno e Accesibilidade ao Local Social en Lavandeira/ 17018	871,20
1511.22706	Manuel Porto Vila	Redacción proxecto Reparación cuberta edificio de servizos socioculturais na antiga Casa do Concello/04	1.573,00
1700.21000	Rico Cabañas S.L.	Retirada ramalla praia de Cabanas /20160293	2.781,79
2314.22799	Aurora, Pilar y Ana S.L.	Xestión PAI decembro/ 06.1216	3.600,00
3231.22700	Hogarlimp Cabañas S.L.	Limpeza colexio Porto decembro /2017-04	1.566,95
4500.22706	Estudio Técnico CLOP Galicia S.L.P.	Redacción proxecto Mellora Área Recreativa do Areal/17017	1.016,40



# CONCELLO DE CABANAS

	Estudio Técnico CLOP Galicia S.LP..	Dirección de obra Mellora sinalización nos accesos ao polígono de Vilar do Colo/ 16098	423,50
	Estudio Técnico CLOP Galicia S.LP..	Dirección de obra Adecuación do espazo dedicado a feira / 16097	363,00
	Estudio Técnico CLOP Galicia S.LP..	Dirección de obra Construcción muro de contención en A Barrosa/16096	302,50
9200.22604	Lama Abogados SLP	Asesoría xurídica decembro 2016/10-2017	1.694,00
9411.45000	Consortio Galego de Igualdade e Benestar	Liquidación outubro-decembro 2016 xantar na casa/ 595	1.172,34
	Consortio Galego de Igualdade e Benestar	Liquidación 2ºT 2013 xantar na casa/	1.782,20
9421.46300	Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol	Xestión voluminosos agosto 2016	1.150,23
	Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol	Xestión voluminosos setembro 2016	757,22
	Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol	Xestión voluminosos outubro 2016	496,34
	Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol	Xestión voluminosos novembro 2016	652,19
	Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol	Xestión voluminosos decembro 2016	550,55
	TOTAL		20.753,41

3º. Aplicar con cargo ao orzamento de 2017 os créditos anteriores con cargo á partida orzamentaria que se cita.

3.- CONTRATO PATROCINIO CLUB KDM. Vista a proposta da Alcaldía sobre a realización dun contrato menor de patrocinio co Club Cabanas KDM co obxecto de proxectar a marca Cabanas dende o municipio ao exterior, para amosar os recursos e sobre todo as posibilidades de ocio activo que se ofertan en Cabanas e fomentar o turismo deportivo, xerando riqueza para o municipio, achegando coa proposta borrador do contrato a subscribir co referido Club.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage está de acordo na publicidade do turismo no concello de Cabanas e ao mesmo tempo axudar a financiar ao club de piragüismo xa que se trata dun deporte con poucos recursos.

Polo grupo Mixto: a concelleira de AEC Sra. García Amor alégrase de que se chegara a un acordo para este patrocinio e achegar axuda a este Club para seguir fomentando o deporte neste Concello.

O concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña non entende como o ano pasado había un convenio e agora un contrato de patrocinio, gustaríalle que se xustificase o pasar a un contrato



# CONCELLO DE CABANAS

privado no réxime da publicidade porque hai outros clubs que poden estar interesados neste tipo de patrocinio, ou tamén deportistas a nivel individual.

Polo grupo Popular: o concelleiro Sr. Fernández Brage destaca a importancia que ten para o concello a firma de convenios e contratos de publicidade, inda que levan anos traballando para fomentar o deporte, en especial deportes náuticos, dada a importancia que está a ter o turismo deportivo, é unha oportunidade inmellorable xunto co Club Cabanas KDM apostar polo deporte e o turismo deportivo en Cabanas, este contrato axudará a levar a marca Cabanas fora das nosas fronteiras coa participación do Club Cabanas KDM en competicións e eventos organizados pola Federación Española e a Galega de Piragüismo, chegando por diferentes medios a milleiros de persoas; en canto ao cambio chegouse a esa conclusión despois de varias reunións como mellor forma de promoción para o Concello e Club.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con nove votos a favor dos membros dos grupos Popular, Socialista, concelleira de AEC e concelleiro do BNG, e unha abstención do concelleiro de PDDdG, acorda:

Primeiro.- Dada a existencia de causas excepcionais que xustifican este contrato, por entender que se dan razóns suficientes de interese público, adxudicar mediante contrato de patrocinio publicitario para promoción da marca Cabanas, ao Club Cabanas KDM cun prezo de 4.958,68 euros e 1.041,32 euros de ive, o que importa un total de 6.000,00 euros, segundo as condicións de contrato que logo se citan.

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 9240.48900 do orzamento vixente de gastos.

Terceiro.- Notificar ao Club Cabanas KDM, adxudicatario do contrato, a presente Resolución e citarlle para a firma do contrato para o cal deberá achegar certificado do acordo da Asamblea Xeral aceptando as obrigas do mesmo.

Cuarto. Publicar a formalización do contrato patrocinio no Perfil de Contratante, do concello de Cabanas.

## CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO ENTRE O CONCELLO DE CABANAS E O CLUBE CABANAS KDM

En Cabanas, (X)

Dunha parte D. Germán Castrillón Permuy, Alcalde Presidente do Concello de Cabanas, con CIF P1501500A, e domicilio social na Rúa do Concello N°3, 15621 de Cabanas.

Doutra parte, Gumersindo López Iglesias, Presidente do Club Cabanas KDM, con CIF G70345970, e domicilio social en Camiño de Teloi, N° 18, Laraxe, Cabanas.

Declarándose ambas partes coa capacidade legal necesaria para obrigarse por medio do presente contrato,

### DECLARAN

O Concello de Cabanas esta interesado en potenciar a súa imaxe a través de proxectos deportivos entendendo que a fórmula de patrocinio deportivo permite cumplir o obxectivo publicitario exposto, ao terse convertido nos nosos días o deporte nun fenómeno social e económico de gran dimensión cunha importante capacidade de mobilización, especialmente pola influencia dos medios de comunicación.

O Clube Cabanas KDM participa en eventos deportivos na nosa comunidade autónoma maiormente nas ligas e campionatos organizadas pola Federación Galega e Federación Española de Piragüismo, ligas e campionatos de ampla difusión nos medios, ademais realiza unha



# CONCELLO DE CABANAS

actividade diaria consistente nos adestramentos para a participación nas competicións, así como de iniciación neste deporte, que é unha das mellores ferramentas das que dispoñen os seus promotores para o fomento desta modalidade deportiva e, como consecuencia incrementará o número de seguidores e practicantes no concello de Cabanas.

O Club Cabanas KDM está interesado en colaborar na campaña de promoción de imaxe do Concello de Cabanas e dos distintos proxectos que se atopan dentro das súas políticas deportivas, e a tal fin, ambas entidades negocian os termos de colaboración publicitaria e as súas conseguintes contraprestacións económicas.

O contrato de patrocinio é un contrato privado por razón do seu obxecto definido no artigo 24 da lei 34/1988 de 11 de novembro , xeral de publicidade como o “contrato polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou de outra índole, se compromete a colaborar na publicidade do patrocinador”

Ese contrato rexerase en canto a súa preparación e adxudicación polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público e en canto aos seus efectos e extinción polo dereito privado.

Polo exposto e recoñecéndose ambas partes contratantes, mutuamente plena capacidade para o outorgamento deste documento conveñen en subscribir o presente contrato patrocinio deportivo con suxección as seguintes.

## CLÁUSULAS

### CLÁUSULAS 1: OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto regular o patrocinio polo Concello de Cabanas na participación nas ligas e campionatos organizados pola Federación Galega e Federación Española de Piragüismo do Club Cabanas KDM así como a forma na que esta, a cambio do importe económico previsto no presente contrato, comprométese a colaborar na publicidade e promoción estratéxica e institucional do Concello de Cabanas e dos distintos proxectos que se atopan dentro das súas políticas deportivas.

### CLÁUSULA 2. OBRIGAS PUBLICITARIAS DO PATROCINADO

Deberá incorporar a imaxe corporativa establecida polo Concello de Cabanas nas actividades deportivas patrocinadas nos soportes reflectidos no Anexo I

### CLÁUSULA 3. OUTRAS OBRIGAS DO PATROCINADO

A entidade deberá:

- Comunicar ó Concello de Cabanas calquera eventualidade significativa que poida afectar á programación, desenvolvemento, financiamento e finalización das actividades obxecto de patrocinio.
- Destinar os fondos percibidos ao desenvolvemento de actuacións claramente relacionadas coa desenvolvemento da actividade como (Adestradores, Combustible, Asistencia a regatas ligas autonómicas, Asistencias a Campionato de España, Material).
- Publicitar a súa condición de beneficiario deste proxecto en toda a publicidade gráfica que se edite así como nos escenarios das actividades e na uniformidade dos equipos federados do club Cabanas KDM facendo constar, de forma clara e visible os logotipos e símbolos institucionais do Concello de Cabanas.



# CONCELLO DE CABANAS

- Reconocer o dereito do Concello de Cabanas a explotar publicitariamente as imaxes das actividades para darle o uso publicitario, que consideren oportuno, sen dereito por parte do asinante a recibir compensación económica por esta razón.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagamentos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control nos anos seguintes.
- O club Cabanas KDM poderá realizar contratos de publicidade con outros patrocinadores pero sempre respectando as directrices publicitarias subscritas neste documento.
- Someterse as actuacións de comprobación que efectúe o Concello de Cabanas así como calquera outra actuación sexa de comprobación ou control financeiro
  - que poidan realizar os órganos de control competentes tanto galegos como estatais para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.
  - No caso de que o patrocinado realice defectuosamente o obxecto do contrato, o Concello poderá optar, en función da gravidade do incumprimento, pola resolución do contrato con reintegro íntegro dos fondos percibidos, ou por imponer penalidades na contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do importe do contrato.

A execución destas obrigas serán asumidas, na súa totalidade, polo Club Cabanas KDM.

Toda a publicidade estática, material impreso, elemento ou activo serán producidos pola Entidade, sendo pola súa conta os gastos de adaptación, producción, transporte, instalación e mantemento en perfectas condicións de percepción óptica.

## CLÁUSULA 4. OBRIGAS DO CONCELLO DE CABANAS

En contraprestación ás obrigas asumidas pola entidade Club Cabanas KDM o Concello de Cabanas obrígase ao pagamento de 4.958,68 € mais 1.041,32 € correspondente o 21 % do IVE, o pago da cantidad expresada realizarase contra a presentación por parte do patrocinado da correspondente factura, que seguindo os trámites legais oportunos deberá ser abonada de conformidade co TRLCSP. Con cargo á aplicación orzamentaria (X) dos orzamentos do Concello para o ano 2017.

## CLÁUSULA 5. VIXENCIA DO CONTRATO

A vixencia do contrato comprenderá dende a sinatura do mesmo ata o 31 de decembro de 2017.

## CLÁUSULA 6. DE RESPONSABILIDADE

En ningún caso alcanzará o Concello de cabanas ningunha responsabilidade principal ou subsidiaria respecto de obrigas ou sancións de calquera índole que poidan ser impostas a entidade Club Cabanas KDM.

Calquera actividade o actitude do patrocinado que supoña directa ou indirectamente un menoscabo da imaxe e valores que representa o concello de Cabanas, e sexa ocasionada pola propia entidade o polos seus membros, suporá, á marxe de resolución do contrato, a esixencia de responsabilidades polos danos e prexuízos producidos.

## CLÁUSULA 7. LEXISLACIÓN APLICABLE

Este contrato rexerase en canto a súa preparación a adxudicación polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos de Sector Público, e en canto aos seus efectos e extinción polo dereito privado en concreto pola lei 34/1988, do 11 de novembro xeral de publicidade.



# CONCELLO DE CABANAS

## CLÁUSULA 8. XURISDICIÓN COMPETENTE

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan en relación cos efectos, cumprimento e extinción deste contrato.

Para a debida constancia de todo o convidado, asínase este contrato, en triplicado exemplar, no lugar e data up supra.

Polo Concello de Cabanas,

O Alcalde,

Germán Castrillón Permuy

No ANEXO I recóllese as seguintes condicións:

A entidade deberá incorporar a imaxe corporativa establecida polo Concello de Cabanas que consta neste mesmo anexo, nos seguintes soportes:

- Na carteira oficial ou en calquera outro soporte anunciador das actividades obxecto de patrocinio.

- Na páxina web do club, así como nas súas redes sociais.

- Na uniformidade oficial do Club nos seus desprazamentos as distintas competicións.

- Nos paneis e traseiras utilizadas para as roldas de prensa

- Lonas publicitarias, ou vallas utilizadas nas actividades patrocinadas

- Promocións en prensa escrita e nos soportes de difusión en televisión ou programas de radio de producirse estas

- Club Cabanas KDM incorporará a imaxe corporativa nas súas lonas e paneis informativos cunhas dimensións de 2 metros x 1,20 metros

- Ademais incorporará en calquera prenda deportiva (camisetas, sudadeiras, xerseis, etc...) a imaxe de Cabanas, a fraga feira mar, que consta no mesmo Anexo.

## EQUIPAMENTO DEPORTIVO QUE SE LLE CEDE PARA O SEU USO PUNTUAL AO CLUB CABANAS KDM:

Terá como principal finalidade a realización de rutas en Kaiak para a promoción do litoral, si ben o club Cabanas KDM sempre que non se vexa prexudicado o primeiro fin do material, poderá usar este, para asistencia a regatas cos seus equipos federados ou adestramentos xustificados pola dirección técnica do club.

Un vehículo furgoneta modelo NISSAN NV400 2.2 125 CV 6 velocidades COMBI 9 prazas.

O equipamento deportivo aquí detallado,

DESCRICIÓN	CANTIDADE
Motor Honda DF8: Modelo BF DK2, número de serie 1700801	1,00
Embarcación neumática Zodiac Cadet 310 Solid/FR-XDCE4262L011	1,00
Ref: 47, 48, 49, JX Palas para travesía en kaiak ADARIO en fibra de carbono, sistema regulable de lonxitude	20,00
Ref: azul, vermello. Chalecos salvavidas travesía	20,00
K2 dragoneras Big Sea Sipre en fibra de vidro con compartimentos estancos, temón e repousa pes regulables, con eslora 585 cm. e manga 70 cm. Números 5218/2015, 5214/2015, 5220/2015 e 5217/2015.	5,00



# CONCELLO DE CABANAS

K2 dragoneras SvalbardSipre en fibra de vidro con compartimentos estancos, temón e repousa pes regulables, con eslora 650 cm. e manga de 55 cm. Números 5218/2015, 5219/2015, 5220/2015 e 5221/2015.	1,00
K2 dragonera Tsunami EvolutionSipre en fibra de vidro con compartimentos estancos, temón e repousa pes regulables, con eslora 740 cm. e manga de 46 cm. Número 5222/2015.	1,00
Ref: B. Cubrebañeiras en neopreno axustables en cintura para K" dragonera SvalbardSipre.	10,00
Ref: M e L. Cubrebañeiras en neopreno axustables en cintura para K2 dragonera SvalbardSipre.	8,00
Cubrebañeiras en neopreno axustables en cintura para K2 dragonera Tsunami EvolutionSipre.	2,00

#### 4.- CONVENIO SUBVENCIÓN CABANAS RURAL, ASOCIACIÓN DE MULLERES.

Vista a Memoria da Alcaldía e o proxecto do convenio de colaboración no eido da cultura a realizar coa entidade Cabanas Rural Asociación de Mulleres para organización de actividades e participación en xornadas de fía da lá que se recollen no referido proxecto, contribuíndo o Concello de Cabanas cunha subvención de 3.000,00 euros; e vista a documentación que consta no expediente, así como, o disposto na lexislación reguladora recollida na base 38<sup>a</sup>, e bases 39<sup>a</sup>, 44<sup>a</sup> a 47<sup>a</sup>, do orzamento municipal para 2017, tendo en conta, que o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións nominativas recollidas no orzamento, segundo o establecido no artigo 37.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage opina que é interesante axudar a asociacións que poidan levar o nome de Cabanas por Galicia ou por España, sen menosprezo ao resto das asociacións que traballan neste Concello e que sería bo chegar a algún convenio con elas, destaca a labor desta asociación no tema da lá.

Polo grupo Mixto: a concelleira de AEC Sra. García Amor considera que subvencionar unha actividade cultural tradicional como a fía da lá, é poñela en valor e a vai apoiar.

O concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña indica que este convenio é unha continuidade do anterior, por fin atópase no expediente unha memoria e documentación más completa que a do ano pasado, é unha labor do goberno non da asociación, estima que é unha asociación con actividade importante e de interese xeral.

Polo grupo Popular: a concelleira Sra. Gayoso Pereiro manifesta que desde o Concello a través das distintas concellerías teñen como obxectivo promover e financiar actividades na recuperación das tradicións populares como é o caso do fiado da lá que se leva a cabo pola entidade Cabanas Rural Asociación de Mulleres, axudando ao desenvolvemento da artesanía e da actividade gandeira para recuperar a raza autóctona, estando próxima ás Fragas do Eume estes talleres da fía da lá poden constituir ademais da actividade cultural, un atractivo turístico e promoción da imaxe do Concello, por elo van apoiar estas actividades.



**CONCELLO  
DE  
CABANAS**

O concelleiro do BNG, Sr. Varela Martínez coida que este convenio é positivo para o concello de Cabanas e tamén para o desenvolvemento das asociacións, a diferenza do ano anterior no que a documentación foi unha trapallada, este ano está moito mellor xustificado e votará a favor.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos dez membros presentes, dos once que componen a Corporación, acorda:

Primeiro.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Segundo.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cabanas e a asociación Cabanas Rural Asociación de Mulleres, G70177233, para financiar gastos por importe de 3.000,00 euros con cargo a partida orzamentaria 9240.48900 segundo as condicións que se recollen no seguinte texto do convenio.

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CABANAS E A ENTIDADE “CABANAS RURAL, ASOCIACION DE MULLERES”

Na Casa do Concello de Cabanas a      de      de 2017  
Reunidos:

Dunha parte D. Germán Castrillón Permuy, Alcalde-Presidente do Concello de Cabanas, con CIF P1501500A, e domicilio social na Rúa do Concello Nº3, 15621 de Cabanas.

Doutra, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cruz Meizoso López, na sua calidade de presidenta de Cabanas Rural Asociación de Mulleres, con CIF G70177233, a que representa en este acto en virtude dos estatutos da entidade, e domicilio social en Lavandeira, N<sup>º</sup> 15. Soaserra. Cabanas.

Dado o interese coincidente do Concello de Cabanas e Cabanas Rural Asociación de Mulleres no apoio das actividades culturais levadas a cabo por dita asociación, así como a valorización delas, ambas partes reconócense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente:

Acordan-

Que a finalidade de dito convenio é canalizar a favor de Cabanas Rural Asociación de Mulleres a subvención nominativa prevista no Orzamento do Concello de Cabanas para o ano 2017, con cargo a partida orzamentaria 9240.48900 polo importe de 3.000 euros. Ademais do anterior, regularanse as condicións e compromisos que asumen as partes

A lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións dispón no seu artigo 28, a) que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora de estas subvencións.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### Cláusulas:

Primeira - Obxecto

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre o Concello de Cabanas e Cabanas Rural Asociación de Mulleres para a organización e promoción de diferentes



# CONCELLO DE CABANAS

actividades culturais, tal e como aparece recollido na memoria descriptiva presentada pola beneficiaria.

## Segunda.- Achega municipal.

O Concello contribúe coa cantidade global de 3.000,00 euros con cargo á reserva de crédito feita na partida orzamentaria 9240.48900 do ano 2017.

## Terceira.- Gastos subvencionables.

De acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, consideraranse gastos subvencionables os gastos (correntes) directamente vinculados ó desenvolvemento das actividades programadas e recollidas na memoria presentada, sempre que sexan debidamente computadas na Contabilidade Xeral e fagan referencia ao período comprendido entre o 01/01/2017 e a data de realización das actividades obxecto de subvención.

Excluiranse de forma expresa os gastos que se destinen ao material que sexa inventariable por ter unha duración superior a un ano, coma por exemplo ordenadores, mobiliario de oficina e semellantes.

## Cuarta.- Obrigas de “Cabanas Rural Asociación de Mulleres”.

a) A organización e celebración de diferentes actividades culturais que serán subvencionadas.

b) Cumprir as obrigas de publicidade que veñen establecidas na cláusula sexta do convenio.

c) Concertar un seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que puideran ocasionar con motivo de celebración das actividades obxecto deste convenio.

d) Cumprir coas obrigas que con carácter xeral establece o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para os beneficiarios.

e) A organización ou participación nas xornadas da fía da lá que a continuación se detallan:

- Día 28 de xaneiro, en A Coruña.
- Día 2 de abril, en Cervo (Lugo)
- Día 22 de abril, en Betanzos (A Coruña)
- Día 13 de maio, en Burela (Lugo)
- Día 14 de maio, en A Estrada (Pontevedra).
- Día 17 e 18 de xuño, en As Pontes (A Coruña)
- Día 1 de xullo, en Tuña, (Asturias).
- Día 2 de xullo, en Páramo de Sil (León)
- Día 8 de xullo, en A Golada (Pontevedra)
- Día 11 e 12 de novembro en Páramo de Sil (León)
- Día 4 e 5 de novembro en Sada (A Coruña)

## Quinta.- Obrigas do Concello de Cabanas.

O Concello de Cabanas asume a obriga de contribuír cunha cantidade de 3.000,00 euros. Que serán destinados única e exclusivamente ao financiamento dos gastos que lle orixine a Cabanas Rural Asociación de Mulleres a organización e realización dos eventos obxecto de subvención.

Tendo en conta a contía da subvención e de conformidade co artigo 34.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, poderanse realizar pagos anticipados (entrega de fondos con carácter previo á xustificación), de conformidade co seguinte:



# CONCELLO DE CABANAS

- Á sinatura do convenio, previa á súa solicitude e xustificación da súa necesidade para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, se lle poderá anticipar unha cuarta parte da cantidade acordada.

Locais que se ceden á Asociación de Mulleres. Cabanas Rural para o seu uso en precario:

1. O colexo de Lavandeira para a realización das actividades culturais nas seguintes datas sinaladas polo beneficiario:

- Os luns día de traballo para as Fiandeiras de Cabanas Rural, de 16:00 a 22:00 horas.
- Os martes, cursos de cestería dende as 14:00 ás 22:00 horas.
- Os mércores pola mañá de 9:30 a 10:30 clase de pilates e pola tarde de 16:00 a 22:00 curso de bordado.
- Os xoves pola tarde de 15:30 a 22:00 horas curso de bolillos.
- Os venres pola tarde de 16:30 a 22:00 horas curso de manualidades.
- As fins de semana de actividade dende as 9:00 ata as 22:00 horas.

2. O pavillón de Lavandeira para a realización das actividades culturais sinaladas a continuación no programa de actividades do 2017.

- Os venres de 19:00 a 22:00
- Xaneiro, días 21, 22: IV xornadas do fiado.
- Febreiro, día 18: concurso de postres: larpeiradas.
- Marzo, día 18: comida de aniversario.
- Maio, día 20: taller cestería para nenos co gallo das Letras Galegas
- Xuño: día 3: tarde solidaria.
- Xullo: día 22: merenda do socio.
- Setembro, días 2 e 3: a fía da lá.
- Outubro, días 4 e 18: clases maxistrais abertas de bailes, zumba e ioga.
- Novembro, día 18: a roga da esfolla.
- Decembro, día 17: mercado do Nadal coa visita do Apalpador.

Sexta.- Publicidade do financiamento do Concello.

- En toda publicidade que Cabanas Rural Asociación de Mulleres faga sobre estas actividades (por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais, internet, web...), deberá figurar en lugar destacado o anagrama do Concello de Cabanas ademais do logo de turismo “A fraga feita mar”.

Enviará tamén un comunicado ó Concello de Cabanas no correo da Concellaría de Cultura: cultura@cabanas.gal

- No caso de que o beneficiario recibise subvencións de distintas entidades públicas ou privadas, a publicidade que se lle dea ao financiamento municipal deberá ser, polo menos, análoga á empregada coas demais subvencións.

- Coa documentación xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga co Concello de Cabanas.

Séptima.- Prazos e forma de xustificación e de pagamento do presente convenio.

A xustificación deberá ser presentada no prazo máximo de dous meses dende a realización da última actividade obxecto de subvención, e en todo caso antes do día 15 do mes de decembro do ano en curso, sen que sexa posible a ampliación do prazo de xustificación.



# CONCELLO DE CABANAS

7.1.- No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, se lle notificará á persoa ou entidade beneficiaria da subvención, para que poida emendar, os xa presentados, no prazo de dez días hábiles. Poderá, se fose necesario, presentar novos documentos dentro do prazo concedido a tal fin. No caso de que o importe xustificado sexa unha cantidade inferior á que deba xustificar, o importe que aboará o Concello de Cabanas reducirase proporcionalmente. Transcorrido este prazo sen que os documentos tiveran entrada no Rexistro Xeral deste Concello, a beneficiaria perderá o seu dereito a percibir a subvención non xustificada.

7.2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días hábiles.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional levará á perda da subvención.

A presentación da xustificación neste prazo adicional levará unha minoración automática do 25 % do importe correctamente xustificado. Esta penalización automática aplicarase asemade no suposto de presentación da documentación xustificativa no período comprendido entre a finalización do prazo inicial de xustificación e a notificación do prazo adicional ao que se refire o parágrafo primeiro deste punto.

A xustificación deste convenio realizarase de conformidade co establecido, con carácter xeral, no art. 72 do RD 887/2006 por medio da “*conta xustificativa*” que pola natureza deste convenio constará da seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio que deberá conter como mínimo a descripción das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica co custo das actividades realizadas que conterá:
  - Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total da subvención concedida, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei Xeral de Subvencións e o seu Regulamento). Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente se inclúa no orixinal a seguinte dilixencia asinada:

*“Diligencia: En cumplimiento da lei 38/2003 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención de..... do ano.....”*

- Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
  - No caso de pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario;
  - No caso de pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón.
  - Excepcionalmente admitirse a xustificación do pagamento do gasto mediante a presentación de *Recibís*, previa xustificación de que o pago mediante transferencia ou cheque suporía unha carga desproporcionada para o beneficiario tendo en conta a finalidade da subvención e a natureza do gasto e atendendo prioritariamente á contía do pago.
- Relación clasificada dos gastos da actividade (os gastos xustificados referiranse ao período comprendido entre o 01/01/2017 e a data de realización das actividades) con identificación do acreedor e do documento; o seu importe, porcentaxe do gasto imputado á subvención, data de



# CONCELLO DE CABANAS

emisión e data de pagamento, de acordo co artigo 75 do RD 887/2006 do Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas. (De ser o caso, declaración xurada de non ter obtida ningunha subvención para o mesmo fin).

- Designación de conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal.

- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas da Seguridade Social, da Administración Tributaria (estatal, autonómica e local).

- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula sexta.

Oitava.- Carácter limitativo da axuda e compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións.

A axuda concedida polo Concello de Cabanas ten o carácter de máxima e non ampliable, polo que calquera incremento que poidan experimentar os gastos inicialmente previstos correrán por conta do beneficiario deste convenio de xeito exclusivo.

A subvención do Concello de Cabanas é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación municipal no importe excedido.

Novena.- Contratación e execución.

Se o importe dalgúnha das prestacións (subministracións ou servizos) supera os 18.000,00 euros sen ive, con carácter previo á contratación, Cabanas Rural Asociación de Mulleres deberá solicitar polo menos 3 orzamentos a distintos provedores, salvo as excepcións previstas no artigo 31.1 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

Se Cabanas Rural Asociación de Mulleres tivera necesidade de contratar servizos de terceiras persoas ou entidades para realizar as actividades obxecto deste Convenio, deberá observar estritamente as obrigas que aos empresarios ou empregadores impón a lexislación vixente en materia de Seguridade Social e Seguridade e Hixiene do Traballo.

Décima.- Reintegro das cantidades concedidas.

O incumplimento dalgúnha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O dito procedemento realizarase de conformidade co disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003 (LGS) e nos art. 91 e seguintes do RD 887/2006.



# CONCELLO DE CABANAS

Undécima.- Control financeiro.

O control financeiro realizarase consonte o previsto nos artigos 44 e seguintes da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nos artigos 41 e seguintes da lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Décimo segunda.- Autorizacións administrativas.

Cabanas Rural Asociación de Mulleres obrígase a obter, no suposto de ser necesario e con carácter previo, as autorizacións administrativas que fosen necesarias (incluída a municipal) para a realización das actividades obxecto do convenio así como a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen no seu caso, por tal causa.

Décimo terceira.- Uso da lingua galega e dunha linguaxe non discriminatoria.

As comunicacións co Concello de Cabanas, así como as difusións relativas ao obxecto deste convenio deberán realizarse en galego.

Igualmente, empregarase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínte do xénero feminino.

En proba de conformidade, asinamos este convenio por duplicado exemplar, en Cabanas no lugar e data ao inicio indicados.

Polo Concello,

Cabanas Rural. Asociación de Mulleres.

O Alcalde,

A Presidenta,

Germán Castrillón Permuy

M<sup>a</sup> Cruz Meizoso López

5.- FINANCIAMENTO PROXECTO AMPLIACIÓN REFUXIO ANIMAIS DE MOUGÁ. Vista a Resolución de data 24 de marzo de 2017, do Presidente da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol sobre xustificación e financiamento do gasto do proxecto de obra de ampliación do Refuxio de Animais de Mougá e achega dos concellos para o financiamento da redacción do proxecto e dirección, así como, que dito Refuxio presta o correspondente servizo neste Concello a través da Mancomunidade.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage está a favor e considera que é un servizo necesario que se mellorará coa ampliación das instalacións.

Polo grupo Mixto: o concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña estima que avanza na consolidación de servizos comarcais, é un servizo necesario inda que en Cabanas necesítase mellorar na recollida, hai queixas de tardanza na recollida de animais, a mellora das instalacións é bo para os animais.

Polo grupo Popular: o Sr. Alcalde está de acordo en mellorar o servizo, pero tamén hai que ter en conta a información que se dá en canto ao lugar onde hai que recoller os animais, a veces non é correcta porque os animais se moven, cando están localizados recóllense rapidamente.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación co voto a favor dos dez membros presentes dos once que o componen, acorda aprobar dito gasto e o financiamento da achega a cargo deste Concello.

6.- FINANCIAMENTO CONVENIO MANCOMUNIDADE COA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA DO ANO 2017. Dada conta do convenio de colaboración entre a



## CONCELLO DE CABANAS

Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para a realización de actividades de promoción e información do turismo no xeodestino Ferrolterra, coa distribución entre concellos do financiamento a cargo da Mancomunidade.

Despois de estudiado o asunto, o Pleno da Corporación co voto a favor dos dez membros presentes dos once que o componen, acorda prestar aprobación a dito convenio e a distribución do financiamento, comprometéndose este Concello de Cabanas a achega de 317,24 euros que lle corresponde segundo a referida distribución.

**7.- SOLICITUDE SUBVENCIÓN MANCOMUNIDADE Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA O APOIO AOS INVESTIMENTOS PARA O FOMENTO DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS NO MEDIO RURAL.** Visto o acordo do Pleno da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol sobre solicitude de subvención a Axencia de Turismo de Galicia a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, xunto coa memoria valorada para dotación de servizos de tempada na comarca de Ferrol, condicións económicas do proxecto e a súa distribución.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage está a favor e parécele ben a colocación de servizos nesa zona da praia dado que carece deles.

Polo grupo Mixto: o concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña considera idóneos este tipo de aseos, son móbiles e baratos.

Despois de estudiado o asunto, o Pleno da Corporación co voto a favor dos dez membros presentes dos once que o componen, acorda prestar aprobación a dito proxecto e o compromiso de financiamento que corresponde a este Concello por importe de 1.101,63 euros.

**8.- SOLICITUDE SUBVENCIÓN MANCOMUNIDADE PARA O FOMENTO DO COOPERATIVISMO.** Visto o acordo do Pleno da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol sobre solicitude de subvención para o fomento do cooperativismo ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 26 de xaneiro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, e se convocan para o ano 2017.

Visto o proxecto para contratación de orientador/a profesional para a inserción durante cinco meses

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage opina que é fundamental o apoio ao cooperativismo, onde hai pouco se poñían trabas a esta forma de emprego, polo que está a favor.

Despois de estudiado o asunto, o Pleno da Corporación co voto a favor dos dez membros presentes dos once que o componen, acorda prestar aprobación a dito proxecto e o compromiso de financiamento que corresponde a este Concello por importe de 298,63 euros.



# CONCELLO DE CABANAS

9.- PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS ESPAZOS LITORAIS. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE PDDdG. Dáse conta da proposta do concelleiro de PDDdG sobre a redacción dun plan especial de protección e conservación dos espazos litorais, en cuxa exposición de motivos fala da extensión do litoral con dous km de praias e a variada e vasta riqueza ecolóxica defientemente protexida, atractivo e riqueza social, económica e paisaxística de Cabanas, e actuacións desafortunadas e descontextualizadas da realidade natural no piñeiral da Madalena. O clima e a excelencia das praias favoreceu o turismo en Cabanas, ademais o piñeiral ofrece desde comezos do século XX un servizo público esencial, integrrou os piñeiros no seu escudo e a protección ambiental da costa é fundamental para impulsar o emprego local.

Nos últimos, en especial dende a actuación de Costas do Estado en 2009-2010 e posteriores temporais e cortas municipais, reduciuse a espesura e aumentou a vulnerabilidade, o que debe ser motivo para que esta Corporación reflexiones e acorde medidas ambientais e de conservación da masa arbórea. Alude tamén a inquedanza social sobre a xestión dos aproveitamentos da madeira e transparencia.

Por elo propón: instar ao goberno local a:

1. Redactar un Plan Especial de Protección e Conservación do Piñeiral da Madalena tal e como establecen as Normas Subsidiarias municipais, previo á solicitude de declaración xunto coas zonas costeiras de Cabanas e Porto como espazo natural de interese social.

2. Modificar o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente no sentido de establecer maior protección ambiental da costa de Cabanas, en coherencia coa protección en vigor das Normas Subsidiarias.

3. Revisar unha xuntanza extraordinaria da Comisión de Facenda e Contas a documentación municipal relativa a aproveitamento do piñeiral da Madalena (memorias técnicas de actuación, expedientes de contratación, facturas, etc.) suxerindo que a sesión deste órgano se celebre nos vindeiros quince días.

Visto o ditame negativo da Comisión de Asuntos do Pleno de 24 de maio de 2017, o concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña, presenta un voto particular de data 26 de maio de 2017, en cuxa exposición de motivos alude ao exposto na proposta e reitera a adopción do mencionado acordo.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez manifesta estar de acordo coa proposta e a consideran necesaria, como xa ven denunciando o BNG a situación das zonas costeira deixa moito que desexar tanto polo goberno municipal como por outras administracións, talude de terra en Chamoso sen facer nada e xa non falar do piñeiral da Madalena, cortes indiscriminados desprotexendo a masa arbórea, etc, e levan tempo reclamando un plan de integración do litoral que poña fin a fala de planificación do goberno municipal.

A concelleira de AEC Sra. García Amor di ser verdade que nos últimos temporais o piñeiral veuse desbastado, pero non quere dicir que sexa culpa do goberno nin da oposición, son cousas meteorolóxicas inevitables, hai que seguir traballando e rexeneralo; en canto a modificación do PXOM xa vai atrasado e requiriría novos estudos e modificación orzamentaria



# CONCELLO DE CABANAS

que atrasarían máis o proceso, tendo en conta que se presentou un proxecto a través do GAL Seitura 22 para melloras no piñeiral, está a favor de esperar a que este proxecto saia para adiante inda que abertos a levar isto a bo fin para a mellora e conservación, por elo se vai abster.

O concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña manifesta que modificar o PXOM non repercutre nada, simplemente cambiar a tipoloxía de espazos libres pola de solo rústico de especial protección de espazos naturais, porque a ordenanza de espazos libres e zonas verdes permite usos terciarios (é dicir chabolas, cap. 31 PXOM); por outra banda tamén revisen o apartado de ruídos, vai aumentar na Madalena e en Chamoso, aparece en cor diferente ao resto do Concello, por iso quere que se investigue o tema das cortas anteriores xa que tamén hai contratos verbais.

Polo grupo Popular: o voceiro Sr. González López di que a recuperación paisaxística da contorna do piñeiral da Madalena é un obxectivo prioritario no que coinciden todos, o goberno municipal leva traballando con feitos, obras e intervencións e agora está a dar un paso máis alá coa posta en marcha do plan de recuperación paisaxística que presentaron a Seitura 22 para financiación, contempla unha intervención global por capítulos: I) recuperación da masa forestal con estudo das árbores, eliminación de exemplares e ramas en mal estado ou especies foráneas, e substituíndoas por piñeiros ou sobreiras; II) loita contra as pragas, seguimento da procesionaria ou niñas de vespa velutina; III) protección do solo repoñendo pasarelas de madeira para canalizar o tránsito de persoas evitando danos as árbores e paxaros que aniñan na area; IV concienciación efectiva da riqueza do espazo natural con instalación de paneis informativos e recuperación dos existentes, así como de elementos deteriorados; V) para favorecer a xestión de residuos, instalación de contedores aumentando a capacidade de recollida; o programa require o investimento de 59,995,16 euros, logo continuarase co mantemento anual duns 20.000,00 euros. En canto a modificación do PXOM recorda que na fase de alegacións non se formulou ningunha cuestión neste sentido, hai outras vías para lograr o mesmo obxectivo sen atrasar o PXOM. No relativo a xuntanza da Comisión indica que atendendo as peticións da oposición procedeuse a invitación a empresas inda que supuxo un atraso no inicio da licitación, en todo caso os expedientes están a disposición de tódolos grupos sen que sexa necesaria tal reunión, por elo votarán en contra da proposta.

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage ve interesante a proposta parcialmente, o punto 1 si xa hai en marcha un estudo sería bo esperar o resultado, se non da resultados habería que tomar medidas, o punto 2 non o ven de momento, e o punto 3 o ven positivo, si se poden votar por separado mellor; queren o piñeiral en boas condicións e non todo vai ser culpa do goberno porque os temporais veñen solos, pero si hai que investir en conservación e aí é onde fala o goberno municipal.

A Sra. García Amor reitera que está a espera de que o proxecto saia para adiante, e tendo en conta que todo o que se propón o Sr. Pérez Sardiña leva tempo, alude ao Decreto 124/2005 que obrigaría a unha serie de estudos e gasto, segue aberta a que se leven a cabo as actuacións no piñeiral pero de momento seguirá a esperar.

O Sr. Pérez Sardiña cree os traizoa o subconsciente, e descobren cales son as verdadeiras intencións para o piñeiral, non ten problema na votación por puntos; no PXOM si que aparecen construcións lixeiras na zona do piñeiral (chabolas chamadas chiringuitos) ademais, para esta zona de espazos libres permítese outro tipo de construcións, capítulos 31 e 42 sobre solo rústico de protección de costas, nos dous inclúense edificacións, estase falando dunha proxección a anos



# CONCELLO DE CABANAS

vista, pódese facer pouco a pouco pero é fundamental reservalo no PXOM, e así o recolle o POL aprobado polo PP, co piñeiral non van a permitir que se fagan barbaridades.

A Sra. García Amor aclara que na disposición que regula o espazo natural de interese local ven un punto que di que os plans de conservación serán vinculantes tanto para as administracións públicas como para os particulares, prevaleceran sobre o planeamento urbanístico e a súa aprobación levará aparellada a revisión dos plans territoriais ou sectoriais incompatibles con eles; se non sae a solicitude de Seitura 22 pódese aplicar o que propón aquí pero sen tocar o PXOM.

O Sr. Alcalde coida que é moi fácil falar pero facer as obras é máis difícil, non cree que o Sr. Pérez Sardiña lle vaia dar leccións de como hai que coidar o piñeiral; desde que chegaron ao goberno en 2007 foron conscientes do que había que facer e fixeron neste anos, o que se vai permitir e facer chiringuitos que cumpran a normativa que é o que permite o PXOM, nada máis, hai anos vostede tiña moito interese nun chiringuito, agora será para todos os que permita a lei e cumpran a normativa, vaise a seguir traballando por mellorar o piñeiral como se fixo estes anos.

Debatido o asunto sométese a votación o voto particular presentado polo concelleiro de PDDdG, resultando catro votos a favor dos membros do grupo socialista, concelleiro do BNG e concelleiro de PDDdG, cinco en contra dos membros do grupo Popular, e unha abstención da concelleira de AEC, polo que se rexeita o referido voto particular.

A continuación o Sr. Presidente indica que se somete a votación o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno no sentido de rexeitar a proposta do concelleiro de PDDdG, toma a palabra o Sr. PerezSardiña indicando que pediu que se votase por puntos, que acepto a petición formulada nese sentido, o Sr. Presidente indicalle que falou do discurso pero non pediu que se votara por puntos.

A seguir o Sr. Presidente somete a votación o ditame da Comisión nos termos expostos, resultando cinco votos a favor dos membros do grupo Popular, dous en contra do concelleiro do BNG e concelleiro de PDDdG, e tres abstencións dos membros do grupo Socialista e concelleira de AEC, polo que queda rexeitada a proposta do concelleiro de PDDdG.

**10.- RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA. PROPOSTA CONCELLEIRO DE PDDDG.** Vista a proposta do concelleiro de PDDdG sobre a Renda de Inclusión Social de Galicia, en cuxa exposición de motivos indica que a crise consolidou en Galicia un modelo que afondou nas desigualdade e na exclusión social aumentaron os niveis e a duración do desemprego, a precariedade laboral e a redución dos ingresos por fogar; alude a datos sobre risco de pobreza e exclusión social en 2015 (26%), en familias monoparentais é do 53 %, na mocidade 16-29 anos 36,4 %, menores de 16 anos o 35,4%, exclusión severa 4,2 %. En 2015 a pobreza severa afectaba a 132.000 persoas e a RISGA FOI percibida por 3.848 persoas.

En Galicia a RISGA é unha das máis baixas do Estado e con menor cobertura. O 1 de xaneiro de 2014 entrou en vigor a lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia establecendo un prazo de seis meses para o seu desenvolvemento, pero na actualidade non se tramitou decreto que a desenvolva, manténdose unha situación de insuficiente contía, excesiva burocracia, falta de desenvolvemento de tramos de inserción ao emprego e criterios restritivos, por todo elo propón ao Pleno o seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta á Xunta a:

1. Elevar en 2018 a dotación da RISGA, co obxectivo de igualala, cando menos, á media do



# CONCELLO DE CABANAS

conxunto do Estado.

2. Impulsar, antes do remate do ano 2018, a publicación do Decreto que desenvolva a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, de xeito dialogado cos sindicatos e coas asociacións e entidades que traballan sobre a pobreza e exclusión social.

3. Regular, no devandito decreto, os tramos de inserción e transición ao emprego.

4. Aumentar os Orzamentos da Consellería de Política Social en 2018 para garantir crédito suficiente para desenvolver a Lei de Inclusión Social.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage manifesta estar de acordo coa proposta, inda que non corresponde ao Concello debater estes asuntos que son traballo dos deputados no Parlamento, pero é unha medida de presión cara o goberno autonómico.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez amosa o seu acordo coa proposta e, adiantándose ao argumento falaz que sae cada vez que se propón algo que implica a outra administración como a Xunta ou o Estado, sempre que sexa unha cuestión que afecte a Cabanas ou a súa veciñanza inda que sexa unha soa persoa teñen o deber moral como representantes políticos da veciñanza de tratar en pleno estas cuestións e pedir a outras administracións.

A concelleira de AEC Sra. García Amor pide o voto desta moción por puntos, está de acordo no punto 1 inda que non quere que o Concello de Cabanas se faga cargo de atribucións doutras administracións, pero isto é un problema grave xa que estase mal con respecto a media de España, impulsar a publicación do Decreto son atribucións da Xunta pero trasladar esta petición parécelle interesante, ademais o trámite de solicitude da RISGA é complexo, non reflicte a situación real das persoas e tiña que ser practicamente de urxencia, tamén sería interesante poñer un punto para que fose máis sinxelo e accesible para estas axudas.

O concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña acepta a votación por puntos e pide que se faga neste sentido, aclara que este non é traballo dos parlamentarios senón do Sr. Conselleiro de Política Social, é nese decreto onde se teñen que regular e simplificar os trámites para acceder a RISGA, se pode incorporar e poñer más claro, cando menos elevar a contía á media do Estado e reclamar a simplificación dos trámites, alude tamén ao tema dos tramos de inserción e transición ao emprego, este Concello tivo persoas traballando nestes programas de cooperación contratados a tempo parcial do 75%, estase xogando coa RISGA politicamente, por iso pide agora que se dignifique a situación desas persoas que requieren atención especial e insiste no salario que cobran estas persoas neste Concello por debaixo dos 700 euros.

Polo grupo Popular: o voceiro Sr. González López opina que é fácil utilizar a RISGA para facer oposición, a crise económica prolongada está a incrementar o número de persoas en risco de exclusión social e o goberno autonómico incrementou o orzamento para garantir a atención a estas persoas, recorda que foi este goberno o que converteu a RISGA nunha partida ampliable para no caso de non chegar se amplí a; é falso que a tramitación da RISGA se prolongue máis do establecido, na tramitación interveñen usuario, Concello e Xunta, polo tanto si a documentación é incompleta ou se demora a súa emenda atrásase a súa resolución, reforzouse o persoal da Xunta para tramitar a RISGA e hai unha corresponsabilidade polas tres partes. Os requisitos para acceder as axudas os marca a no Lei de inclusión social de Galicia pactada con tódolos axentes



# CONCELLO DE CABANAS

sociais, tódalas persoas que compran os requisitos teñen asegurada a súa prestación, referíndose a continuación a posición da Comunidade en relación co resto do Estado en risco de pobreza, esforzo da Xunta, incremento orzamentario, xeración de emprego, atención a persoas, modificación de normativa para potenciar inserción, así como actuacións que está levando a cabo o Concello de Cabanas a través de servizos sociais, polo tanto votarán en contra.

O Sr. Ladra Brage reitera o voto a favor e gustaríalle que se inclúise o punto a que fixo referencia a Sra. García Amor porque resulta interesante.

A Sra. García Amor insiste en que está de acordo co punto 1 e a inclusión dun punto que poña simplemente “Simplificación do informe social da RISGA e dos trámites a realizar”.

O Sr. Pérez Sardiña considera que o punto proposto non ten porque se separado senón a continuación, “elevar en 2018 a dotación da RISGA co obxectivo de igualala cando menos a media do conxunto do Estado e simplificar os trámites da solicitude”, engadido a realizar no punto 1; polo dito polo partido popular Galicia parece o pais das marabillas pero non rebateron ningún dato da proposta foi rebatido, fala das persoas en risco de exclusión e das que perciben RISGA o que demostra eivas importantes, os atascos veñen pola lei anterior e os recortes de servizos, cargando aos concellos esas tramitacións creando un tapón; insiste no voto por separado dos puntos da proposta co engadido no punto 1 e os 2, 3 e 4 a continuación.

O Sr. González López recorda que non está dentro das competencias locais, corresponde aos deputados facer propostas no Parlamento para modificar a lei, o emprego é a vía principal para saír desa situación, o que pretende este goberno é a inclusión activa e solidaria, implica tamén as persoas beneficiarias a participación activa, están comprometidos con esas persoas que poden contactar co Alcalde ou calquera membro do goberno para axilizar os trámites que correspondan.

O Sr. Alcalde indica que en Cabanas en canto aos problemas de tramitación están os xustificantes da RISGA que se conceden este ano e os anteriores, hai dous en camiño, pero tamén hai que ter en conta como se presentan os documentos, no relativo ao 75% é o que traballa ao 75% da xornada, non estaban aquí cando se aprobou o convenio laboral, ao mellor o Sr. Pérez Sardiña pudo aprobar un convenio mellor, pero ó máis importante é a inclusión social e a experiencia neste Concello é positiva.

A continuación prodúcese un debate entre a Presidencia que pretende someter a votación se a votación da proposta se realiza por puntos ou en conxunto e o Sr. Pérez Sardiña que foi quen fixo a proposta e quiere que sexa por puntos e como tal estima que é quen establece como se vota. O Sr. Presidente insiste en que como Presidente da mesa é el quen decide.

Despois do cal sométese a votación si a votación da proposta presentada co engadido no punto 1 se realiza por puntos, resultando cinco votos a favor dos membros dos grupos Solialista e Mixto e cinco en contra dos membros do grupo Popular. Producíndose empate e de conformidade co artigo 46.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, repítese a votación, obtendo o mesmo resultado, a vista do cal decide o voto en contra do Presidente, quedando rexeitada a votación por puntos.

A seguir sométese a votación a proposta presenta en conxunto, co engadido no punto 1, resultando catro votos a favor dos membros do grupo Solialista, concelleiro do BNG e concelleiro de PDDdG, cinco en contra dos membros do grupo Popular, e unha abstención da concelleira de AEC, en virtude do cal queda rexeitada a mencionada proposta.



# CONCELLO DE CABANAS

11.- COMPARCENCIA SOBRE AS ACTUACIÓNS DO CONCELLO NO PIÑEIRAL DA MADALENA. PROPOSTA CONCELLEIRO DO BNG. Vista a proposición do concelleiro do BNG, de comparecencia sobre as actuacíons do Concello no piñeiral de Cabanas, na cal expón, que o temporal de vento do mes abril deixou numerosos estragos no piñeiral da Madalena, tombando moitas árbores e deixando outras en situación de perigo.

Unha vez iniciadas as tarefas de limpeza dos danos, cun importante retraso, veciñas da localidade amosaron a súa preocupación polas escasas medidas de seguridade na realización dos traballos.

Por estas razóns o BNG somete a debate e a probación polo pleno do Concello de Cabanas, a adopción do seguinte acordo:

1. Que o responsable da área implicada no goberno municipal compareza publicamente neste pleno para informar sobre o estado do Piñeiral, as contrataciones efectuadas polo concello para realizar os traballos e plan do goberno para o futuro desa zona verde.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Popular: o voceiro Sr. González López manifesta que a conservación, mellora e protección do piñeiral da Madalena e unha prioridade do goberno, non se limitan a actuacíons puntuais, por iso levaron a cabo transformacións de calado, traslado do campo de fútbol para A Veiga coa retirada de gradas e un pequeno almacén para recuperar espazo natural no entorno que hoxe utilizan veciños/as para actividades ao aire libre, novos servizos con instalación de máis duchas, aparcabicis, caseta con novos servizos, adaptación para persoas con diversidade funcional, delimitación de circuito de cros e unha senda, pasarelas de madeira de acceso a praia, nova caseta de salvamento e socorrismo, entre 2009 e 2010 procedeuse a poda e tala de exemplares de piñeiro en mal estado ordenándose unha plantación para rexenerar o piñeiral, se levan varios anos realizando plantación cos nenos/as do colexiño Eladio Mariño; trabállase con planificación e orde, tódolos anos se elabora polos servizos técnicos municipais unha memoria de necesidades de intervención e mantemento deste espazo, este 2017 os temporais golpearon con virulencia en dúas ocasións e tramitouse expediente para contratación da retirada de árbores caídas e limpeza da zona invitando a varias empresas e seleccionando a mellor oferta, no primeiro temporal plantáronse 39 exemplares e neste último cando sexa o tempo levarase a cabo a plantación. A actuación continúa e presentouse un proxecto de recuperación do contorno do piñeiral a Seitura 22 para o seu financiamento; estes son os feitos, traballar e traballar, para garantir a conservación e mellora do piñeiral.

O concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez considera a intervención do voceiro popular como totalmente autocompracente, está ben plantar unhas árbores con nenos e sacar foto para o xornal pero non explicou si teñen plan de plantación, se fan seguimento do que se planta, o único que ve é falta de planificación, moitas das cousas que dixo que fixeran non están ligadas ao piñeiral, están pedindo que lles informen realmente o que están facendo e van a facer e cal é a súa organización porque non teñen.

O concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña está agardando desde marzo de 2016 que lle conteste seis preguntas dunha anterior comparecencia, en canto foron taxadas as árbores que se cortaron en 2016, cal foi a poxa que fixeron para esas árbores, cantas árbores foron cortadas, que



# CONCELLO DE CABANAS

empresa retirou os piñeiro, canto custou a intervención en 2016, cantas árbores foron replantadas en 2016, onde está o contrato verbal de 2016, o único que teñen plan é para poñer chabolas, unha solicitude a Seitura 22 que solo coñecen vostedes e non traen aquí, non sabe que teñen que esconder, existiron temporais pero tamén saben como se está a coidar o piñeiral, calquera sabe que cando se perde a espesura o piñeiral non é mais que o pasto do vento, como xalle dixo algúun veciño.

O Sr. Alcalde en relación coa intervención do Sr. Varela Martínez cree que anda pouco polo piñeiral, hai aparatos para facer exercicio, o plan está claro e estase vendo tódolos anos como se actúa. En referencia a intervención do Sr. Pérez Sardiña o expediente do que fala puido velo e non veu, non hai nada que esconder e está claro o que se quere facer, hai que ver como estaba o piñeiral e como está, como se coida e prepara, os pinos se plantan pero lévalles tempo medrar, algúns dos que caeron este inverno pasaban dos 100 anos, regáronse durante semanas e agora non verán non se van repoñer porque secan haberá que esperar a época; veu un temporal e non lle podemos poñer unha barreira, gustaríanos que non ocorrrera pero está aí, seguirán traballando para conservalo e melloralo o mellor posible.

O Sr. Pérez Sardiña indica que por fin reconócen que hai temporais en Galicia, recórdalle ao Sr. Alcalde que lle dixo a algúns veciños que o piñeiral ía quedar bonito, aí está, e agora esos veciños din como nos enganou, son moi importantes os pinos e o piñeiral que é un símbolo recollido no noso escudo, en canto a documentación, ten que estar en Secretaría a disposición de tódolos grupos, o Alcalde dixo que o ía facer e non o fixo, un contrato verbal é nulo de pleno dereito e está sen fiscalizar, allearon bens públicos a dedo sen trámite.

O Sr. Alcalde manifesta que os piñeiro começaron a plantalos en 2009-2010, estarían más bonitos cando vostede lle veu a poñer globos, non hai contratos verbais, as cousas están claras e transparentes, creo que vostede estaba acostumado a outras cousas, non hai PXOM aprobado en Cabanas porque vostede en determinado ano non veu a votar, non lle interesaba porque non se ía contratar unha empresa pola que tiña interese, a xente está traballando para que se aprobe o PXOM, vostede é feliz paralizando proxectos importantes para Cabanas, buscando problemas para que non se avance en Cabanas.

## 12.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓNS ALCALDÍA.

A continuación dáse conta das seguintes resolucións da Alcaldía para a súa ratificación polo Pleno da Corporación.

### A) RESOLUCIÓN MODIFICACIÓN PROXECTO REPARACIÓN EDIFICIO ESCOLA LAICA 1<sup>a</sup> FASE.

**RESOLUCIÓN.** Modificación proxecto Reparación edificio escola laica 1<sup>a</sup> fase.

Vista a comunicación da Deputación Provincial sobre emenda da documentación relativa a solicitude formulada por este Concello de Cabanas para o POS+2017, en relación coa obra “Reparación edificio da escola Laica 1<sup>a</sup> fase”, e despois da correspondente emenda das deficiencias observadas no proxecto técnico, tendo en conta que se está a tratar de cuestións técnicas que non afectan a finalidade do investimento nin a súa valoración económica, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación



# CONCELLO DE CABANAS

co artigo 61.1 da Lei de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico corrixido da obra “Reparación edificio da escola Laica 1ª fase”, redactado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo cun orzamento total de 88.061,16 euros e financiado con cargo ao apartado préstamo provincial 2017 do POS+2017.

Segundo.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice da presente resolución para a súa ratificación.

O acorda e asina o Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, en Cabanas a doce de maio de dous mil de dezasete, do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe.

(Documento asinado dixitalmente)

## B) RESOLUCIÓN SOLICITUDE SUBVENCIÓN OBRADOIRO EMPREGO AGRUPACIÓN CONCELLOS.

**RESOLUCIÓN.** Solicitud de subvención para o Obradoiro de Emprego dentro dos Programas Mixtos de Emprego e Formación dos Concellos de Fene, Neda, Ares, Mugardos e Cabanas.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 29 de marzo de 2017 (DOG núm. 70 do 10 de abril de 2017), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

As bases recollidas na Orde citada, prevén expresamente que poderán acceder á condición de beneficiario os concellos que formulen solicitudes de subvención a través de convenio de colaboración asinado entre eles para o efecto.

Os Concellos de Fene, Ares, Neda, Mugardos e Cabanas teñen interese en colaborar co obxectivo de solicitar unha subvención ao abeiro da Orde citada por considerar o beneficio que supón a realización conxunta do obradoiro de emprego.

De acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, regulamentadora das bases de réxime local, RESOLVO:

1.- Aprobar o seguinte convenio de colaboración entre os Concellos de Fene, Neda, Ares, Mugardos e Cabanas:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O PROGRAMA MIXTO DE EMPREGO E FORMACIÓN DIRIXIDO A MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS, DOS CONCELLOS DE FENE-NEDA-ARES-MUGARDOS-CABANAS”**

No Concello de Fene a día 3 de maio de dous mil dezasete, reúnense

Dunha parte don Juventino José Trigo Rey Feal, NIF 76404053P, en nome e en representación do Concello de Fene, con CIF P1503600G e con domicilio en Avda do Concello s/n, 15500 Fene, na súa calidade de Alcalde,



# CONCELLO DE CABANAS

Doutra parte don Julio Ignacio Iglesias Redondo, NIF 32649797D, en nome e en representación do Concello de Ares, con CIF P1500400E e con domicilio en Avda Saavedra Meneses nº 12, 15624 Ares na súa calidade de Alcalde,

Doutra parte don Germán Castrillón Permu, NIF 32626020Z, en nome e en representación do Concello de Cabanas, con CIF P1501500A e con domicilio en Rúa do Concello s/n, 15621 Cabanas na súa calidade de Alcalde,

Doutra parte don Angel Alvariño Saavedra, NIF 32650211D, en nome e en representación do Concello de Neda, con CIF P1505600E e con domicilio en Avda Algeciras nº 34 15510 Neda na súa calidade de Alcalde,

Doutra parte dona M Pilar Díaz Otero, NIF 32654665R, en nome e en representación do Concello de Mugardos, con CIF P1505200D e con domicilio en Avda de Galicia nº 45 15620 Mugardos na súa calidade de Alcadesa,

## EXPOÑEN

Vista a Orde do 29 de marzo de 2017 (DOG nº 70 do 10 de abril de 2017), da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Vista a posibilidade de mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas dos seus concellos mediante a realización de obras e servizos de interese xeral ou social que permitan ao alumnado traballador a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral.

## ACORDAN

Primeiro.- Solicitar unha subvención para a realización dun obradoiro de emprego ao abeiro da dita Orde actuando como promotor o Concello de Fene e como entidades colaboradoras os Concellos de Neda, Ares, Mugardos, e Cabanas.

A especialidade solicitada de Fabricación e montaxe de instalacións de tubería industrial (FMEC0108) impartirase no Concello de Fene.

Segundo.- O Concello de Fene, como promotor do obradoiro, cumplirá coas obrigas previstas na dita Orde e, en concreto, no que respecta á parte financeira e técnica.

Terceiro.- Os Concellos de Neda, Ares, Mugardos e Cabanas colaborarán conxuntamente co Concello de Fene, realizando todas aquelas xestións e actividades que sexan precisas para o desenrollo do obradoiro e, en concreto, mediante a disposición de todos aqueles bens e servizos de titularidade municipal necesarios para a súa realización.

Cuarto.- A participación de persoas desempregadas dos concellos no dito obradoiro será do 41% para o Concello de Fene, 15% para o Concello de Neda, 18% para o Concello de Ares, 18% para o Concello de Mugardos e o 8% para o Concello de Cabanas en base o número de parados rexistrados en cada concello no mes de febreiro de 2017.

Quinto.- Os concellos realizarán a memoria do dito obradoiro de maneira consensuada en canto ao número e actividades a incluír.



# CONCELLO DE CABANAS

As partes manifestan a súa conformidade, asinando o presente acordo no lugar e data anteriormente expresados.

Don Juventino José Trigo Rey  
Alcalde do Concello de Fene

C

Don Angel Alvariño Saavedra  
Alcalde do Concello de Neda  
Don Germán Castrillón Permuy  
Alcalde do Concello de Cabanas”

2.- Aprobar o proxecto do Obradoiro de emprego Fene, Neda, Ares, Cabanas, Mugardos denominado “INICIA II” e a solicitude da seguinte especialidade formativa, código, duración e número de alumnos/as traballadores/as:

ESPECIALIDADES	CODIGO	DURACIÓN (meses)	Nº. ALUMNOS/AS
Fabricación e montaxe de instalación de tubería industrial	FMEC0108	6	15
TOTAL			15

3.- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da orde anteriormente citada por importe de 149.174,32€ dos cales 140.188,65€ se financiarán a través da subvención que se solicitará á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para financiar os custos derivados da contratación do persoal de dirección, docente e administrativo de apoio, e dos alumnos/as participantes e dos custos derivados do funcionamento e xestión do proxecto, achegando o Concello de Ares 3.589,34 €, o Concello de Fene 4.000,00 €, o Concello de Cabanas 0,00 €, o Concello de Mugardos 1.5396,33 € e o Concello de Neda 0,00 € como entidades promotoras para o que se compromete a habilitar o crédito axeitado e suficiente no orzamento de 2017 e nas partidas presupostarias que correspondan.

4.- Remitir a certificación do presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

5.- Dar traslado á intervención municipal.

O acorda e asina o Sr. Alcalde, Germán Castrillón Permuy, en Cabanas a nove de maio de dous mil dezasete, do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe.

(Documento asinado dixitalmente)

## C) RESOLUCIÓN SOLICITUDE SUBVENCIÓN INFORMACIÓN XUVENIL AGRUPACIÓN CONCELLOS.

RESOLUCIÓN. Solicitud subvención información xuvenil.

Vista a Orde da Consellería de Política Social, do 11 de abril de 2017 (DOG nº 80 de 26 de abril de 2017), pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017, e se procede a súa convocatoria.

Visto o proxecto de actividades a desenvolver neste Concello, de conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 61.1 da



# CONCELLO DE CABANAS

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes, RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o seguinte convenio de colaboración entre os Concellos de Ares, Mugardos e Cabanas:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS LOCAIS DIRIXIDAS Á XUVENTUDE DURANTE O ANO 2017, DOS CONCELLOS DE ARES, CABANAS E MUGARDOS.**

No Concello de Mugardos a día 23 de maio de dous mil dezasete, reúnense

Dunha parte don Julio Ignacio Iglesias Redondo, NIF 32649797D, en nome e en representación do Concello de Ares, con CIF P1500400E e con domicilio en Avda Saavedra Meneses nº 12, 15624 Ares na súa calidade de Alcalde,

Doutra parte don Germán Castrillón Permuy, NIF 32626020Z, en nome e en representación do Concello de Cabanas, con CIF P1501500A e con domicilio en Rúa do Concello s/n, 15621 Cabanas na súa calidade de Alcalde,

Doutra parte dona M<sup>a</sup> del Pilar Díaz Otero, NIF 32654665R, en nome e en representación do Concello de Mugardos, con CIF P1505200D e con domicilio en avda de Galicia nº 45 15620 Mugardos na súa calidade de Alcaldesa,

## EXPOÑEN

Vista a Orde do 11 de abril de 2017, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017.

Vista a posibilidade de solicitar a subvención de forma conxunta e solidaria.

## ACORDAN

Primeiro.- Solicitar unha subvención para a realización do proxecto “Promoción de Información Xuvenil e realización de actividades de educación non formal e a participación xuvenil no ámbito local de Ares-Cabanas-Mugardos” ao abeiro da dita Orde, actuando como promotor o Concello de Mugardos e como entidades colaboradoras os Concellos de Cabanas e de Ares.

Segundo.- Os tres concellos, tal como establece o artigo 4 no punto 2 quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

Terceiro.- Os Concellos de Ares e Cabanas colaborarán conxuntamente co Concello de Mugardos, realizando todas aquelas xestións que sexan necesarias para o desenvolvemento do proxecto.

Cuarto.- Os concellos realizarán a memoria de dito proxecto de maneira consensuada .

Quinto.- Tal como consta na antedita orde, a xestión se levará a cabo como a continuación se detalla:

- Correspóndelle ao Concello de Mugardos como promotor a solicitude, xestión e xustificación da totalidade do proxecto.

- Cada un dos tres concellos executará o seu programa e facilitará os xustificantes ao Concello de Mugardos para que podan presentar a conta xustificativa ante a Consellería de Política Social.

- Unha vez que o Concello de Mugardos reciba a subvención entregará a cada concello a parte que lle corresponde segundo a documentación aportada.



# CONCELLO DE CABANAS

Sexto.- O proxecto “Promoción de Información Xuvenil e realización de actividades de educación non formal e a participación xuvenil no ámbito local de Ares-Cabanas-Mugardos” é o seguinte:

## “MEMORIA EXPLICATIVA

### 1.- INTRODUCCIÓN.-

Vista a orde do 11 de abril de 2017 da Consellería de Política Social para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017, os Concellos de Ares, Mugardos e Cabanas de maneira consensuada realizan esta memoria explicativa como a continuación se detalla.

### 2.- RECOÑECIMENTO.-

As tres Oficinas de Información Xuvenil (OMIX) foron recoñecidas como oficinas e inscritas no Rexistro de Oficinas de Información Xuvenil e Puntos de Información Xuvenil có número de rexistro 15-004-SIX-097 (Ares), 15-051-SIX-015 (Mugardos) e 15-015-SIX-080 (Cabanas).

### 3.- UBICACIÓN.-

- A OMIX do Concello de Ares está situada na rúa María, 11. No edificio coñecido como Alianza Aresana, un Centro Cultural, axeitado para todos tipo de obradoiros e formación, situado preto de Praza do Concello e da Casa da Xuventude. O horario é de luns a venres, dende as 09:00 a 14:00 e de 16:30 a 19:30.

- A OMIX do Concello de Mugardos está no edificio do propio concello, concretamente no baixo presentando facilidade de acceso. Conta cun local axeitado de uso exclusivo, distribuído en dúas zonas claramente diferenciadas e separadas, unha para o traballo de organización e elaboración dos materiais de consulta e outra para a atención ó público, dispoñendo de mobiliario adecuado para a exposición de documentación.

Dispón tamén de taboleiro de anuncios para a información perecedera e de máxima actualidade. Os medios materiais dos que dispón son: ordenador con conexión a internet, teléfono, fax e fotocopiadora. A dirección de correo electrónico é a seguinte: [omix@mugardos.dicoruna.es](mailto:omix@mugardos.dicoruna.es). O horario é de luns a venres, dende as 09:00 ata as 14,30 horas.

- A OMIX do Concello de Cabanas está no edificio do propio concello. Conta con un local diferenciado do resto e con tódolos medios necesarios para atender á xuventude.

### 4.- RESPONSABLES.-

- No Concello de Ares, a responsable é unha Informadora Xuvenil con titulación superior e coñecemento de lingua galega (iniciación e perfeccionamento), Auxiliar Administrativa e Funcionaria.

- No Concello de Mugardos, a responsable é unha Informadora Xuvenil con titulación de bachiller superior e coñecemento de lingua galega (iniciación e perfeccionamento), contratada como administrativo en réxime de persoal laboral fixo.

- No Concello de Cabanas, o responsable é un Informador Xuvenil con titulación superior e coñecemento de lingua galega (iniciación e perfeccionamento), contratado como Axente de Desenvolvemento Local en réxime de persoal laboral fixo.



# CONCELLO DE CABANAS

## 5.- CARACTERÍSTICAS DO SERVICIO.-

- Informar ao tecido asociativo, centros educativos e aos departamentos municipais onde se poden tramitar proxectos onde os xoves xoguen un papel fundamental (adl, educadores, psicólogos/as..) Tamén nos lugares onde a xuventude pasa as súas horas de ocio.

- Coordinación con entidades públicas e privadas para a realización de programas que fomenten a participación da poboación infantoxuvenil.

- Expedición do carné xove .

- Desenvolvemento de programas que fomentan a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías, música e cine, ademais naquelas que impliquen ás sociedades culturais dos municipios integrantes.

6.- ACTIVIDADES.- Teñen un carácter eminentemente socioeducativo e metodoxía baseada na acción e a práctica, aberta a calquera axuste que se considere necesario, participativa e personalizada. Aprender facendo. Por outra banda, intentamos implicar ás sociedades culturais dos municipios así como ao persoal cualificado co que contamos para desenvolver proxectos comúns . Son moitas as actividades que levaremos a cabo en cada un dos municipios, podemos sinalar:

- En Ares se desenvolverá a Party Informática que arranca na Casa da Xuventude de Ares na aula CeMIT, co obxectivo principal de intercambio de coñecementos en diversos campos telemáticos. Obradoiros de literatura (escritura autobiográfica, contos infantís, microrelatos, escritura dramática, escritura polícíaca e terapéutica) na Biblioteca municipal con unha duración dunha semana cada un deles en horario de 20:00 a 22:00 horas. Obradoiros de maquillaxe, manicura e pedicura, decoración e deseño de camisetas, cociña sen lume, pastelería creativa, zumba... poderanse ir completando con novas ofertas feitas polos propios usuarios.

- En Mugardos se levarán a cabo as Xornadas de Sofware Libre, na Casa da Cultura, no Salón de Plenos, na Biblioteca e na OMIX; impartindo, simultaneamente, distintos obradoiros en cada un dos espazos.

- En Cabanas se levará a cabo o programa “Xuventude en Cabanas” que vai dende xullo ata setembro e se baseará na oferta de actividades lúdicoformativas e ademais a promoción do deporte ao Aire libre con un programa variado de actividades deportivas (tiro con arco, vólei-praia, xogos acuáticos, xinkanas de xogos populares).

- Nos tres concellos se leva a cabo a información e rexistro no Sistema de Garantía Xuvenil (mozos/as dende os 16 ata os 30 anos) , que lles permitirá participar en obradoiros de emprego e acceder ao mercado laboral con máis facilidade, polas vantaxes que leva consigo a contratación do colectivo inscrito en este Sistema.

- Os tres concellos están integrados na Rede Xiana da Deputación Provincial polo que se lles informará da oferta formativa e, no seu caso, inscrición nos distintos cursos.

- Os tres concellos realizarán seminarios de emprendemento a través do IGAPE e da Mancomunidade. Ditos seminarios se realizarán de forma conxunta entre os tres concellos participantes.

## 7.- OBXECTIVOS.-

- Ofertar un tempo alternativo e un espazo aberto específico para a xuventude.

- Informar e dinamizar ao colectivo xuvenil nos concellos.

- Reforzar o sentimento de grupo e a capacidade para as relación persoais.



# CONCELLO DE CABANAS

- Favorecer o encontro intercultural entre moz@s de diferentes orixes e/ou circunstancias persoais ou sociais.

- Promover o uso creativo das novas tecnoloxías e usalas como ferramenta de transformación da súa comunidade e non só como recreación.

- Fomentar actividades de educación non formal dirixidas á xuventude que promovan o emprendemento e fomenten a empregabilidade da xente nova.

- Promover actitudes positivas cara á protección do medio ambiente.

- Fomentar a paz, a xustiza a cooperación e a non -violencia como eixos sobre os que desenvolver calquera actividade cotiá.

- Promover a educación en valores.

- Coñecemento dos intereses da xente nova.

- Por a disposición da xente nova un lugar onde se poidan achegar a facer as súas consultas.

8.- DESTINATARIOS.-Mozos/as de 12 a 35 anos principalmente. Como nos últimos tempos estamos notando o interese por participar a sectores da sociedade que non están incluídos nese rango de idade, o obxectivo actual é non facer grupos pechados senón grupos de traballo interxeneracionais no que se refire a actividades relacionadas co lecer e o tempo libre.

## 9.- OS ORZAMENTOS DE CADA CONCELLO SON OS SEGUINTES:

- Concello de Ares:

Gasto de persoal da OMIX: 15.000€

Materiais funxibles: 0€

Docentes obradoiros: 0€

Total Ares: 15.000€

- Concello de Mugardos:

Gastos de persoal da OMIX: 35.940,50€

Total Mugardos: 35.940,50€

- Concello de Cabanas:

Gastos de persoal: 2.000€

Programa “Xuventude en Cabanas”: 6.000€

Total Cabanas: 8.000€

Os Concellos solicitarán unha subvención de 22.000 euros, pudendo ser financiada pola Consellería o cento por cento do proxecto presentado. No caso de que a subvención non acade o 100% cada Concello farase cargo da súa aportación que será a diferenza entre o seu orzamento e axuda concedida.

As partes manifestan a súa conformidade, asinando o presente acordo no lugar e data anteriormente expresados.

Don Julio I. Iglesias Redondo Don Germán Castrillón Permuy Dona Mª del Pilar Díaz Otero  
Alcalde do Concello de Ares Alcalde do Concello de Cabanas Alcaldesa Concello de Mugardos”

Segundo. Solicitar subvención da Consellería de Política Social, ao abeiro da Orde do 11 de abril de 2017, para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017, aceptando as condicións establecidas en dita orde, conxuntamente cos Concellos de Ares e Mugardos.

Terceiro. Delegar no Concello de Mugardos a representación única e tramitación do procedemento.



# CONCELLO DE CABANAS

O acorda e asina o Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, en Cabanas a vinte e catro de maio de dous mil dezasete, do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe.

(Documento asinado dixitalmente)

Despois de vistas as anteriores resolucións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o componen acorda ratificar as mencionadas resolucións da Alcaldía 241/2017, 251/2017 e 262/2017.

## II PARTE DE CONTROL ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

### 13.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

a) Resolucións da Alcaldía. Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde a número 205 do 21 de abril de 2017 ata a 268 do 26 de maio de 2017.

### 14. ROGOS E PREGUNTAS.

a) Preguntas orais.

a.1. Grupo Socialista: Intervención do concelleiro Sr. Ladra Brage.

a.1.1. Que tipo de contrato ten a empresa que está realizando a limpeza do piñeiral?.

Resposta Sr. Alcalde: contrato de obra e servizos, fixose unha memoria polo técnico municipal, fixéronse as valoración, pediuse a sete ou oito empresas oferta e valorouse a mellor oferta, pode velo sen problema.

a.1.2. Como están as xestións da praia canina?.

Resposta Sr. Alcalde: fixose unha pequena memoria como quedaramos no pleno, delimitouse no mapa as zonas e envíouse a Costas.

a.1.3. Están colocando carteis para a recollida de excremento de animais, cal é o criterio desta colocación?.

Resposta concelleira delegada de servizos Sr. García Amor: xa se colocaron hai tempo, foi unha protesta de veciños da zona do Día Oito por excrementos de cans, puxéronse carteis que nos parecía axeitados advertindo a xente que hai unhas multas para que recollan os excrementos dos animais.

a.1.4. Rogo. Que sexan máis curiosos a hora de elaborar estes carteis porque estamos en zona de turismo e pónense de calquera maneira e lugar.

a.1.5. Estamos antes da tempada de verán e queríamos saber, como están os recursos de auga do Concello?.

Resposta Sr. Alcalde: agora mesmo estamos ben, falou con Viaqua e a presa de Ventín reborda un pouco, ganouse en capacidade coa limpeza e mellorouse o embalse, pero coa seca que hai temos que ter coidado.

Intervención da concelleira Sra. Rodríguez Ferreiro.

a.1.6. Están limpos tódolos parques infantís?

Resposta Sr. Alcalde: entendemos que si, o que sucede é que en 8 ou 15 días crece a herba, estes días limpouse nas Modias e O Areal, estamos pendente de contratar máis persoal e darles un repaso para o verán.

a.1.7. Ten o concello previsto poñer en funcionamento tódalas fontes municipais (en principio as da praia)?.



# CONCELLO DE CABANAS

Resposta Sr. Alcalde: en Cabanas a auga é un ben de interese xeral e escaso, no verán vai ser moi complicado que poidan estar disponibles porque a xente non as utiliza como debe, ese é o problema, porque nos quedamos sen auga para o consumo doméstico, primeiro hai que mirar por isto, en San Xoan sacarase un bando como tódolos anos.

a.1.8. No día de onte saíu a resolución do transporte onde se regulan novas liñas, a nos aféctanos a da Capela-Ferrol por Lavandeira e Regolela que autocares Capela quere abandonar, ten pensado alegar xa que estamos a tempo?, vaise ter en conta aos grupos municipais?.

Resposta Sr. Alcalde: si alegamos, hai unha proposta do voceiro socialista que me enviou e alegamos un pouco tamén coas condicións que el puxo, está presentada na Xunta.

a.1.9. O día 10 de maio entrou en vigor o decreto que regula as casas de uso turístico inda que está recorrido por sentenza, este decreto non está en suspensión, houbo algunha tramitación?, estase a dar información veraz do mesmo aos posibles interesados?.

Resposta Sr. Alcalde: houbo unha xuntanza en Ferrol, lle transmitimos aos que creiamos que podían estar interesados, creo que os queiran alugar tampouco está na nosa man, é unha alternativa, publicalo e que a xente sexa consciente.

a.1.10. Cando se van empezar as obras de saneamento do parque do Areal?.

Resposta Sr. Alcalde: temos un tema pendente coa concesionaria e haber si o damos resolto en breve.

a.2. Intervención do concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez.

a.2.1. Nunha nova publicada nos medios o pasado día 4 sobre a saída a información pública da rede de saneamento Pontedeume-Cabanas, dicía vostede “ que se arranxará un emisario que actualmente está vertendo”, tanto desde o BNG como outros membros desta Corporación vimos denunciando reiteradamente preguntando no pleno sobre vertidos, obtendo sempre a mesma resposta, que o goberno non sabe ou todo está ben.

Pode dicirnos entón cal é ese emisario que está vertendo á ría e por que negou reiteradamente neste pleno a existencia de ningún problema?.

Resposta Sr. Alcalde: non creo que negara nada diso, o emisario é coñecido por todos na zona da ponte de ferro desde Adeza.

a.2.2. Sobre o cambio de direccións, queríamos saber como van as notificacións á veciñanza e tamén si tal e como prometeu vai habilitar un servizo, unha unidade móvil para a renovación do DNI?.

Resposta Sr. Alcalde: estamos en xestións con iso, haber si somos capaces de traer unha oficina móvil para a realización do DNI, en canto as notificacións faltaba unha parte da parroquia de Cabanas, está todo tramitado e está comunicando o INE, aos veciños a nova dirección para que quede recoñecida e a correos para que saiba cal é a nova dirección.

a.3. Intervención do concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña.

a.3.1. Sabemos despois de consultar os decretos da Alcaldía que nomearon unha funcionaria para levantar acta das xunta municipais do PP e tamén por engadido meten a xunta de voceiros, entón aparte de nomear unha funcionaria estanse elaborando os decretos de convocatoria?, neses decretos hai orde do día?, teñen pensado reformar o acordo do 2015 e adaptalo a lei?.



# CONCELLO DE CABANAS

Resposta Sr. Alcalde: sempre houbo convocatoria, sempre houbo orde do día e hai un acordo do Pleno de 2015 que entendemos válido.

a.3.2. Esta semana tivemos coñecemento de que había un can en Sta. Cruz, que foron os de Protección Civi pero non foron capaces de collelo e abandonaron o seu seguimento, fai falta insistir para que volvan a Sta. Cruz a recoller un can que está molestando pola zona?

Resposta Sr. Alcalde: con eses datos pouco lle podo contestar, si algúen o acaricia é fácil collelo, pero se lle dan unha patada ou cun pao escapa e despois Protección Civil cos traxes que teñen inda é máis difícil, si hai que volver a insistir que pasen información, polas mañas está tamén a policía local, e intentarase coller, por outro lado hai que ter en conta que somos o Concello de Cabanas e temos os medios que temos.

a.3.3. O caso do tren da Mancomunidad, queríalle preguntar en que acta da Mancomunidad consta o traslado da proposta que había aquí sobre da mesa no pleno sobre o tren, sobre impulsar unha plataforma para reivindicar as melloras do tren, en que sesión da Mancomunidad fixeron esa proposta?

Resposta Sr. Alcalde: non lle vou contestar porque teño que revisar o acordo, pero quedamos en que nos faciamos unha parte e vostede facía outra, entón agora entendemos que a nosa parte non tiñamos porque facela tampouco.

O Sr. Pérez Sardiña pídelle que revise a acta, respondendo o Sr. Alcalde que a revisará.

a.3.4. Sobre a velutina queremos saber o número de exemplares capturados co trampeo que fixo o Concello nestes últimos meses?

Resposta concelleira delegada de servizos Sra. Garcia Amor: inda está elaborando un informe para traer a Pleno e explicar como se fixeron as xornadas e a cantidade, case se chegou a 400.

a.3.5. Rogo. Tivemos queixas de veciños que no camiño vello hai uns afundimentos xusto ao lado dos pocetes de saneamento e rogariamos que revisen esta situación e que cando se abra que se aseguren que non deixen o asfalto no aire.

a.3.6. Rogo. Sobre o funcionamento do teléfono do veciño, tivemos queixas de baches na zona de Laraxe que comunicaron eses baches no mes de novembro do ano pasado e a estas alturas están sen reparar, rogariamos que o solucionen canto antes.

b) Preguntas por escrito.

b.1. Preguntas presentadas polo concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez en escrito de data 30 de maio de 2017.

b.1.1. A chegada do bo tempo e as primeiras xornadas de praia animaron a moitos bañistas a acudir aos nosos areais, nomeadamente ás praias da Madalena e Chamoso.

Isto obríganos a ter unha previsión relativa a época estival, polo que desde o BNG desexamos ter resposta as seguintes cuestións:

a) En relación á aparición nos medios dunha nova sobre a solicitude do Concello de Cabanas para facer de Chamoso unha praia sen fume:

- Pode o alcalde explicar en que consiste esta medida?

Resposta Sr. Alcalde: no marco do programa de promoción da vida sen tabaco da Dirección Xeral de Saúde Pública, "Rede Galega de Praias sen Fume" que se puxo en marcha o ano pasado e acadou unha alta participación, sendo unha iniciativa moi ben valorada entre a



# CONCELLO DE CABANAS

poboación galega, naceu cun fin educativo e de sensibilización social. A desnormalización do consumo de tabaco é unha labor na que todos debemos implicarnos. Que os nosos nenos e mozos saíban que "o normal é non fumar" é un dos principais obxectivos da rede. Ampliar a delimitación do consumo do tabaco ás praias, converte esta contorna en educativa e preventiva.

Por que unha praia sen fume?. Para reforzar o papel modélico positivo dos adultos fronte á infancia e á mocidade. Todos debemos contribuír a labor de desnormalización do consumo de tabaco, co noso posicionamento ás nosas aptitudes fronte o tabaco.

- En que situación se atopa esta solicitude?

Resposta Sr. Alcalde: está realizada a solicitude de praia sen fume a Xunta de Galicia.

- Como ten previsto velar polas obrigas que supón?

Resposta Sr. Alcalde: non existe vixilancia, nin sanción para o incumprimento, é una elección voluntaria e persoal seleccionar unha praia sen fume como lugar de ocio e, polo tanto, unha responsabilidade persoal o seu cumprimento, co que se consegue a participación activa da sociedade.

b) En relación coas árbores que, tras varias denuncias do BNG e de varios veciños, seguen nunha situación de perigo sobre o areal de Chamoso.

- Hai algunha novidade?

Resposta Sr. Alcalde: Estase preparando una memoria para a mellora da senda que vai dende a praia da Madalena ata Chamoso na que incluirán as melloras que sexan posibles nesa zona incluída carteira coas advertencias correspondentes.

- É consciente o señor alcalde da irresponsabilidade que supón ter unha árbore de semellante tamaño e con perigo real de caída sobre un areal ao que acoden a diario ducias de persoas?

Resposta Sr. Alcalde: lle acabo de contestar, vamos a facer as melloras que sexan posibles e vamos advertir con carteis do que poida ocorrer, estamos falando dunha praia natural dun litoral, polo tanto temos que ser conscientes onde estamos situados.

- Pode garantir vostede a seguridade da mesma?

Resposta Sr. Alcalde: estoule dicindo que vamos poñer carteis coas advertencias que correspondan en cada sitio.

c) En relación coa praia da Madalena:

- Cando está previsto colocar a sinalización da área de baño?

Resposta Sr. Alcalde: como en anos anteriores, no mes de xuño.

- Cando está previsto que comece o servizo de socorismo?. Quantas persoas o conformarán?. Cal vai ser o horario de atención?

Resposta Sr. Alcalde: está previsto o día un de xullo. Os efectivos estamos a espera da contestación da Xunta. Unha vez se faga a selección dos socorristas farase o calendario do horario de atención o público.

- Cando van comezar as tarefas de limpeza?

Resposta Sr. Alcalde: xa empezaron, a caseta de salvamento e socorismo está lista, están iniciadas na oficina de turismo, aparte da retirada da madeira como se explicou antes xa se está co desbroce do piñeiral e a continuación seguiremos como de costume ata o final do verán.



# CONCELLO DE CABANAS

b.2. Preguntas presentadas polo concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña en escrito de data 30 de maio de 2017.

b.2.1. O señor alcalde pediuille informe a Patrimonio sobre o hórreo de Cardeita que levaron por diante as obras de construcción dos chalés de Isla Mourón SL, esta solicitude de informe é sorprendente posto que Patrimonio solicitou en agosto de 2016 documentación sobre ese mesmo hórreo protexido polo catálogo de bens protexidos das Normas Subsidiarias. Asemade, comprobamos que a empresa promotora abriu un vial polo solo urbano non consolidado do nordeste do terreo. Que medidas vai adoptar para velar pola legalidade e a protección de bens culturais protexidos? Por que consente impasible estas irregularidades urbanísticas en Cardeita?

Resposta Sr. Alcalde: ben é certo que o papel o soporta todo. Fixérонse os trámites correspondentes para aclarar calquera cuestión sobre esos asuntos, o concello fará todo o que sexa necesario para aclarar esas cuestións.

b.2.2. No mes pasado preguntámossle sobre o informe que require o Tribunal Superior de Xusticia de Galicia sobre finalización de obras de demolición e reconstrucción do procedemento ordinario 4126/1994. Ademais, a execución da segunda fase descoñecemos cando pode empezar. Remataron as obras da primeira fase do Penso? Certificou o final de obra da execución da primeira fase? Pagou as indemnizaciós e os realoxos? Contratou a empresa para realizar a execución da segunda fase? Fala cos veciños da segunda fase para chegar a acordo con eles? Que previsión ten o alcalde para iniciar as obras?

Resposta Sr. Alcalde: remataron as obras, si. Estamos con ese proceso. As indemnizaciós están pagadas e os realoxos tamén. Falta pagar algúns gastos correspondentes a os terceiros e segundos, pendente que resolver intervención. Si, estase falando con propietarios da segunda fase. Estamos agardando que a mesa faga unha proposta ao órgano de contratación.

b.2.3. Sabemos da dificultade para realizar as rozas de camiños en tempo, e neste sentido xa lles advertimos que rozan tarde na pasada sesión ordinaria. Nestas alturas de ano atopámonos con que o persoal de obras carece de capataz. Así mesmo tamén comprobamos que para o goberno local son prioritarias as actividades lúdicas fronte ás necesidades cotiás á hora de priorizar os labores, mandan rozar unha silva para ir de paseo antes ca rozar os camiños por onde pasan a diario os veciños. Pódenos concretar o goberno local cando vai convocar a praza de capataz e que motiva o atraso na convocatoria? O goberno local vai priorizar a roza dos camiños transitados a diario polos veciños ou van facer primeiro as rozas para recreo?

Resposta Sr. Alcalde: estase preparando a convocatoria, como sabe, preparouse a do operario de servizos múltiples, a da policía local, e agora estase ca de capataz. Desde logo moi fácil é sacar as cousas de contexto, sempre se lle deu prioridade a limpeza dos camiños e así seguirá sendo.

b.2.4. A problemática dos contratos menores, sobre a que lle preguntamos ao alcalde no pasado pleno de abril sen obter unha resposta presentable, complícaselle despois dos últimos reparos de intervención á súa xestión verbal e a dedo. Poderíanos detallar os contratos feitos de xeito verbal para realizar obras menores durante os últimos tres anos?

Resposta Sr. Alcalde: xa sei que a vostede lle gustaría que fora como di, pero non hai contratos verbais.

b.2.5. O pasado 23 de marzo de 2017 o concello remitiu o PXOM para conformidade da



# CONCELLO DE CABANAS

Dirección Xeral de Conservación da Natureza, non obstante inda non se nos respondeu en Pleno sobre a prórroga do contrato para a redacción. O nivel de participación no longo período de preparación do PXOM para a aprobación definitiva é nula e para exemplo están as contestacións e votacións do goberno local. Quen fixo os traballos de actualización? Houbo contestación da Dirección Xeral de Conservación da Natureza? Poderíanos explicar en liñas xerais as principais modificacións que están realizando?

Resposta Sr. Alcalde: os traballos se lles encargan á mesma empresa. Si, houbo contestación da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Convocarase a comisión de urbanismo unha vez se teña a documentación.

b.2.6. Sobre o proxecto de mellora vial da N-651, co Partido Popular no goberno deixou de ser humanización. Que novidades houbo desde marzo de 2017? Cando remitiu a alcaldía as alegacións, o informe técnico municipal e a exposición pública á administración do Estado? Cales son as previsións de execución do goberno local?

Resposta Sr. Alcalde: resolvéronse as alegacións, enviáronse a Madrid e está pendente de firma para aprobación do expediente e sacalo a información publica, proxecto de execución e posterior contratación. Como saberá, que se falou neste pleno, van nos orzamentos do estado 1.300.000,00 €.

b.2.7. Os altos custos para a facenda local do staff de goberno quedan novamente en evidencia tras aprobar unha factura fóra de contrato da asesoría xurídica, que o alcalde vén fraccionando irregularmente durante os últimos dez anos e que desde a nosa agrupación xa tratamos varias veces de suprimir á vista de que duplica servizos achegados pola deputación ou os propios servizos públicos municipais. Que medidas vai adoptar para cumplir a legalidade en materia de contratos públicos?

Resposta Sr. Alcalde: creo que só busca ver as cousas que a vostede lle parecen negativas, e desde logo non quere ver as realidades. Estou seguro que vostede estaría encantado (polo tipo de preguntas que fai) que os veciños tiveran que pagar a subida nas tarifas da auga e nas do saneamento como propónia Viaqua, quero recordarlle que estamos falando de 800.000,00€ o que supón case outro Penso, pero vostede só busca desacreditar a bos profesionais que están defendendo a institución.

b.2.8. Os veciños preguntáronnos polas distancias de separación de eucaliptos e outras especies pirófitas de viais públicos, e gustaríalles saber cal é a información concreta que informa o goberno local. Cales son as distancias de separación de eucaliptos e outras especies pirófitas dos viais públicos?

Resposta Sr. Alcalde: hai unha ordenanza aprobada polo Concello e ai ben recollido, está na páxina do Concello ou lle damos unha copia sen problema.

b.2.9. Sobre a praga da pataca a partir das preguntas que lle fixemos en plenos anteriores e despois de comprobar o caos que hai na recollida, puidemos ler que o Concello de Ortigueira informou dos plantíos afectados mentres que o alcalde aquí negoume esa mesma información con escusas de patio de recreo. O goberno local pode explicar como se desenvolveu a recollida en Cabanas? Interesouse na Xunta que expansión ten a praga no noso concello? Saben xa oficialmente cantos patacais hai afectados en Cabanas?

Resposta Sr. Alcalde: xa llo dixo no outro pleno, a competencia é da Xunta, non é do Concello. O Concello colaborou e non ten máis compromiso que colaborar e axudar dentro das



## CONCELLO DE CABANAS

posibilidades e dar información aos veciños; agora mesmo non pode existir ningún patacal afectado por teñen que estar todos levantados.

b.2.10 Suxestión. A Demarcación de Estradas do Estado fixo labores de roza das marxes da N-651 durante as pasadas semanas. Advertíronnos varios veciños de que na saída do cemiterio de Laraxe á N-651 hai falta de visibilidade e tal e como puiden comprobar unhas árbores provocan nula visibilidade dos coches que baixan dirección Cabanas e complican severamente a incorporación á vía estatal. Á vista da situación, suxerimos que o concello se dirixa á Demarcación de Estradas do Estado para que corte as árbores que impiden a visión dos vehículos de baixada da N-651 á altura do cemiterio de Laraxe.

Resposta Sr. Alcalde: creo que está revisado e que a Demarcación de Estradas xa fixo o desbroce correspondente, non sei si afectará a algún privado, en todo caso habería que falar coa propiedade.

b.2.11. Suxestión. No cambio de sentido do Pereiro volveuse a formar unha fochanca na saída cara a Ferrol. Suxerimos que boten chapapote e de camiño lémbrolles que hai que pintar unha liña discontinua na saída do centro xeriátrico.

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as vinte e dúas horas e cinco minutos da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e prace.

O Secretario

O Alcalde